

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2010

Datos correspondentes a xaneiro de 2026


Resumo de resultados 26/03/2026

Principais resultados

- En xaneiro de 2026, os prezos dos bens exportados diminuíron un 2,6% e os dos bens importados un 1,6% con respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Atendendo á clasificación por destino económico, os prezos dos bens de consumo exportados baixaron un 1,5%, os prezos dos bens de capital un 1,2% e os prezos dos bens intermedios un 5,6% en taxa interanual.
- Con respecto ás importacións, os prezos dos bens de consumo reducíronse un 0,8%, os dos bens de capital un 5,4% e os dos bens intermedios un 2,0% respecto ao mes de xaneiro do ano anterior.

Índices de valor unitario. Taxas de variación interanuais. Galicia

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior ([descarga da táboa](#)).

1 Clasificación por destino económico dos bens

Segundo a clasificación por destino económico, diminuíron os prezos das exportacións nos tres grupos principais. Os prezos das exportacións de bens de consumo experimentaron unha diminución interanual do 1,5%; os dos bens de capital baixaron un 1,2% e os dos bens intermedios un 5,6% no mes de xaneiro de 2026 respecto ao mesmo mes de 2025.

En canto as importacións, os prezos dos bens de consumo diminuíron un 0,8%, os dos bens de capital un 5,4% e os dos bens intermedios un 2,0%, en comparación con xaneiro de 2025.

Índices de valor unitario. Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens. Galicia

Unidade: *Taxas de variación interanuais en porcentaxes*

	EXPORTACIÓNS			IMPORTACIÓNS		
	2025 Xaneiro	2026 Xaneiro	Variación interanual	2025 Xaneiro	2026 Xaneiro	Variación interanual
BENS DE CONSUMO	137,26	135,20	-1,5	144,82	143,68	-0,8
BENS INTERMEDIOS	130,08	122,85	-5,6	137,15	134,38	-2,0
BENS DE CAPITAL	143,31	141,61	-1,2	83,52	79,02	-5,4
NON ENERXÉTICO	132,61	131,48	-0,9	125,40	129,25	3,1
IVU TOTAL	136,00	132,41	-2,6	137,16	134,95	-1,6

Fonte: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior ([descarga da táboa](#)).

2 Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico, os prezos dos bens exportados aos países da Unión Económica e Monetaria diminuíron un 3,7% en termos interanuais e os das exportacións ao conxunto da Unión Europea un 3,5%. As exportacións dirixidas a países da OCDE diminuíron un 3,6% mentres que os prezos dos bens destinados ao resto do mundo aumentaron un 5,5%.

En canto á orixe xeográfica das importacións, os prezos dos bens procedentes da Unión Económica e Monetaria baixaron un 6,0% respecto a xaneiro de 2025 e os procedentes da Unión Europea un 5,2%. As importacións de bens desde países da OCDE diminuíron un 8,5%, mentres que os prezos dos bens importados do resto do mundo medraron un 6,0%.

Índices de valor unitario. Clasificación por orixe/destino xeográfico. Galicia

Unidade: *Taxas de variación interanuais en porcentaxes*

	EXPORTACIÓNS			IMPORTACIÓNS		
	2025 Xaneiro	2026 Xaneiro	Variación interanual	2025 Xaneiro	2026 Xaneiro	Variación interanual
UEM	132,86	127,97	-3,7	116,33	109,31	-6,0
UE	134,07	129,42	-3,5	124,02	117,55	-5,2
OCDE	137,70	132,76	-3,6	127,29	116,52	-8,5
Resto do Mundo	119,87	126,42	5,5	163,64	173,38	6,0

Fonte: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior ([descarga da táboa](#)).

3 Notas metodolóxicas

Índices de valor unitario para o comercio exterior é unha operación estatística que elabora o Instituto Galego de Estatística (IGE) con periodicidade mensual.

O obxectivo desta operación estatística é obter unha aproximación aos índices de prezos das operacións de exportación e importación de mercadorías con orixe ou destino en Galicia, excluindo o comercio co resto de España.

As principais utilidades destes índices son as seguintes: permiten aproximar a evolución dos prezos das exportacións e importacións; úsanse como deflatores para seguir a evolución en volume do comercio exterior; serven para construír indicadores como a relación real de intercambio ou os índices de competitividade.

4 Definicións, fontes e máis información

Definicións

- [Definicións](#)

Descarga de datos

- [Índices de valor unitario encadeados por áreas xeográficas. Referencia 2010](#)
- [Índices de valor unitario encadeados por destino económico. Referencia 2010](#)

Fontes de información

IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2010.